



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilanova de Arousa, diante da celebración do Pleno para a aprobación dos Orzamentos do presente ano, quere manifestar publicamente a súa oposición absoluta á aprobación dos mesmos polos seguintes motivos :

No capítulo de ingresos, as partidas están infladas ficticiamente, pois están moi por enriba do recadado en anos anteriores. (Así, por exemplo, multas de tráfico : no 2006, recaudaron 10000 euros. Este ano presupostan **90000**. Impostos indirectos 2005 = 98000: para o 2007, presupostan 320000 euros...)

Incúmplese totalmente o Plan Económico Financeiro (Plan de Saneamento) pactado no 2005 coa Xunta de Galicia a consecuencia do proceso de Segregación da Illa de Arousa, plan que permitiría sanear as contas municipais gracias a unha aportación de fondos públicos de dita institución a condición de que o concello reducise os seus gastos : os cartos da Xunta chegaron, gastáronse, pero os gastos do concello aumentan alarmantemente. ¿Que consecuencias legais poderá ter este feito para o Concello?

Desde a intervención municipal alértase de que , según se recollía en dito Plan Económico Financeiro, se a principios do ano 2007 o concello non recibía os ingresos derivados da Construcción do Centro Comercial (Desarrollos Vilanova), o Alcalde comprometéase a paliar este deficit aumentando a **factura do IBI** (contribución urbana) , en **máis do dobre do que pagamos na actualidade**. ¿Obrigaranos o Sr. Alcalde a que os veciños paguemos dos nosos petos a súa mala xestión e despilfarro nas contas municipais?

O documento que se nos presenta conta cun informe demoledor en contra elaborado pola propia intervención municipal, o órgano máis capaz, imparcial e facultado para opinar sobre as contas do concello. ¿Quen poderá votar a favor logo da lectura do informe?

O resume de dito informe que reproducimos a continuación (o informe máis negativo, con moito, que se presenta ás contas municipais nos últimos anos, e xa van varios), ven a dicir que, de aprobarse estes orzamentos, a cifra de gastos do 2007 superaría á de ingresos en 2270000 euros , cifra que supera con creces ao máis de un millón de euros de deficit que nos deixaron anualmente os orzamentos dos anos anteriores.

Diante de tantos desatinos, coidamos que a única postura válida e a retirada do presente proxecto e elaboración duns orzamentos novos adecuados á realidade.

Vilanova, 6 de setembro de 2007

IV. INFORME

O proxecto de orzamentos xerais para o exercicio de 2007, vulnera o Plan económico financeiro aprobado polo Concello en diversos aspectos:

1º Os gastos de persoal superan en 613.579,47€ o previsto para 2007, e supoñen máis do 37 por cento do total do Estado de Gastos.


2º O capítulo IV de gastos (Transferencias correntes) exceden en 132.775,93€ as previsións contidas no Plan.

2º Os capítulos VI (Inversións reais) e VII (Transferencias de capital) do orzamento de gastos exceden do aprobado no Plan en algo máis de 800.000,00 de euros, destinándose 85.599,54€ a recoñecemento de débedas de exercicios anteriores.

3º Non se deu cumprimento ao acordo plenario polo que, por non terse producido o ingreso en xuño de 2006 por importe de 848.070,00€ en concepto de monetarización dos aproveitamentos urbanísticos do Convenio suscrito entre o Concello e "Desarrollos Vilanova, SL", procederíase á modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI, que entraría en vigor a partir do 01/01/2007.

O incremento do gasto non está apoiado en datos reais de maiores ingresos, sendo fundamental proceder a un incremento dos impostos e taxas municipais.

Así, o gasto corrente, no que se inclúen os gastos de persoal e de funcionamento ordinario dos servizos municipais, supón máis do 70 por cento do Estado total de Gastos, sendo un gasto que necesariamente ten que asumir o Concello con financiamento propio, xa que o procedente doutras administracións é nunha porcentaxe mínima, e para programas concretos.



la natal de Ramón del Valle-Inclán

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tifnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

No ámbito das inversións debería limitarse a 150.000 € con fondos propios, podendo esixir para a realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a exacción de contribucións especiais.

Polo tanto, os gastos seguen incrementándose, e se temos en conta o previsto do Plan de Económico-Financeiro, este Presuposto supón un incremento no Estado de Gastos de 2.273.759,53€, que non están amparados por un incremento fundamentado realmente das previsións de ingresos contidos no devandito Plan.

E este é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o Pleno, co seu máis alto criterio, estime o que considere oportuno.

En Vilanova de Arousa, o 23 de agosto de 2007

A interventora

Mónica Belle Novo

